

Tribunal cualificador do proceso selectivo para acceso á escala auxiliar, subgrupo C2, convocado por Resolución Reitoral do 15 de xullo de 2021 (DOG de 29 de xullo).

O Tribunal Cualificador do proceso selectivo para o acceso á escala auxiliar da Universidade de Santiago de Compostela, en aplicación do disposto na base 5.10 da Convocatoria:

“O Tribunal adoptará as medidas precisas para que as persoas aspirantes a que se refire o punto 3.8 da convocatoria participen en condicións de igualdade. Para tal efecto, o Tribunal poderá requirir un informe e, se é o caso, a colaboración de órganos técnicos da Administración laboral, sanitaria ou de asuntos sociais”.

Vistas as peticións de adaptación solicitadas e, tendo en conta os informes emitidos polas correspondentes Seccións de Cualificación e Valoración de discapacidades da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, o Tribunal acordou:

- Resolver favorablemente un total de 38 solicitudes de adaptación das presentadas.
- Comunicar de xeito individualizado a cada aspirante que solicita adaptación o resultado da súa solicitude, con detalle da adaptación que se concede. Esta comunicación farase por medio de posta a disposición de notificación electrónica ao enderezo de correo electrónico que figura nas solicitudes dos interesados.
- Facer pública a relación de adaptacións concedidas sen que figure a identidade dos aspirantes, tendo en conta as disposicións contidas na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais que adapta o ordenamento xurídico español ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e a libre circulación deses datos:

ADAPTACIÓNS CONCEDIDAS
Ir ao baño sen que conte como tempo de exame.
Tempo: 45 minutos adicionais de tempo por cada hora de duración da proba selectiva.
Tempo: 15 minutos adicionais de tempo sobre proba de 60 minutos.
Tempo: 1º exercicio 1ª proba 45 minutos e na 2ª 8 minutos adicionais. Segundo exercicio 60 minutos adicionais, 3º exercicio 45 minutos adicionais e 4º exercicio 20 minutos adicionais.
Sentarse diante para escoitar ben.
Indicacións e explicacións do exame por escrito. Avisos previos ás probas ou chamamentos por correo electrónico ou mensaxería
Utilización de audífonos.
Tempo: 15 minutos adicionais de tempo sobre proba de 60 minutos e mesa para zurdos.
Tempo: 45 minutos adicionais de tempo por cada hora de proba escrita.
Tempo: aumento de tempo 25%. Utilización de mesa e cadeira, non cadeira con pala.
Tempo: 30 minutos adicionais de tempo por cada hora de proba escrita, só en caso de desencadearse crise epiléptica durante a proba.
Probas por escrito ou interprete de linguaxe de xordos.
Tempo: ampliación tempo 50%. Tamaño letra 20, entrelíñado dobre, colocación adhesivo.
Sentar preto do altafalante.
Tempo: 60 minutos adicionais de tempo por cada 60 minutos de proba. Ampliación tamaño de

letra.
Lectura fácil, fácil comprensión. Pode concretarse en adaptación de tempo, 1 hora adicional de tempo por cada hora de proba.
Disposición dun asento adaptado ou facilitar o acceso cunha almofada.
Tempo: 1º exercicio, 105 minutos adicionais, 2º exercicio 120 minutos adicionais, 3º exercicio 90 minutos adicionais e 4º exercicio 40 minutos adicionais.
Tempo: ampliación tempo, 15 minutos sobre proba de 60.
Facer exame en posición sentada.
Tempo: ampliación de tempo, 45 minutos adicionais de tempo por cada hora de proba escrita
Tempo: ampliación de tempo de 30 minutos sobre proba de 60 minutos. Boa iluminación e tamaño da letra Word 16-18 pt.
Recibir instrucións por escrito.
Tempo: ampliación de tempo de 15 minutos sobre proba de 60 minutos.
Tempo: ampliación de tempo ao dobre do establecido para cada proba.
Procede cadeira de asento e respaldo recto
Ampliación tamaño da letra.
Tempo: adaptación de tempo:1º exercicio: na primeira proba 90 minutos adicionais e na segunda proba 15 minutos adicionais, 2º exercicio 120 minutos adicionais, 3º exercicio 90 minutos adicionais e 4º exercicio 40 minutos adicionais.
Tempo: adaptación tempo, 15 minutos de tempo adicional, para probas orais e/ou escritas cunha duración de 60 minutos. Instrucións por escrito.
Adaptación que permita facilitar a escoita dos examinadores.
Tempo: 15 minutos adicionais de tempo por hora de proba escrita.
Tempo: adaptación de tempo 30 minutos adicionais para probas orais e/ou escritas cunha duración de 60 minutos. Adaptación de medios, tipo letra 16 negriña.
Tempo: 30 minutos adicionais por cada hora de proba escrita.
Tempo: 45 minutos adicionais en exercicios de 60 minutos e proporcional en exercicios de duración distinta.
Tempo: 15 minutos adicionais por hora de proba escrita.
Tempo: Adaptación de tempo 15 minutos adicionais para probas orais e/ou escritas cunha duración de 60 minutos. 40 minutos para probas orais e/ou escritas cunha duración de 160 minutos Adaptación de medios: recibir instrucións por escrito.
Situarse preto da fonte de audio en probas de escoitar.
Recibir instrucións por escrito.

Santiago de Compostela
A presidenta do Tribunal
Carmen Martí Fernández

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Taboleiro electrónico da USC.

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARÍA DEL CARMEN MARTÍ FERNÁNDEZ, NIF ***4436**, 20/04/2022 11:56:57.

CSV: 8DC7-A1A3-4A68-B2E8